

## INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*Resolución do 22 de decembro de 2009 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2010 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o Programa de vivenda en aluguer.*

O Decreto 48/2006, de 23 de febreiro, modificado polo Decreto 223/2006, do 23 de novembro, polo Decreto 63/2008, do 13 de marzo, polo Decreto 115/2008, do 29 de maio e polo Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se regula o Programa de vivenda en aluguer, constitúe o marco normativo actual das subvencións para o arrendamento e a rehabilitación de vivendas que se incorporan ao aluguer no marco do citado programa na nosa comunidade autónoma.

O seu artigo 3 dispón que as subvencións para o arrendamento e a rehabilitación de vivendas e posterior arrendamento se atenderán a través de convocatorias anuais que establecerán a contía máxima que se vai conceder dentro de cada exercicio e especificarán as aplicacións orzamentarias ás que se imputarán as devanditas subvencións.

A disposición derradeira primeira do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, polo que se regula o Programa de vivenda en aluguer autorizaba a extinta Consellería de Vivenda e Solo para ditar, no marco das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do referido decreto. Actualmente, as devanditas competencias foron asumidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de conformidade co disposto nos decretos: 79/2009, do 19 de abril, 83/2009, do 22 de abril, e 317/2009, do 4 de xuño.

A competencia do presidente do IGVS, que resulta do artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia en relación co artigo 4 do citado Decreto 317/2009, do 4 de xuño, determina que a convocatoria anual se realice por medio de resolución en lugar de mediante orde.

En uso da referida autorización,

### RESOLVO:

Artigo 1º.-*Disponibilidade económica.*

Para os efectos do disposto no artigo 3.2º do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, determínase:

1. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2010 e 2011 onde figuran os créditos con cargo aos cales serán atendidas as subvencións ao arrendamento do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, é a 07.90.451B.480.1.

2. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 onde figuran os créditos con cargo aos cales serán atendidas as subvencións para a rehabilitación de vivendas e posterior arrendamento do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, é a 07.90.451A.780.3.

3. O importe máximo das subvencións ao arrendamento que se poderán outorgar dentro do primeiro semestre do exercicio orzamentario de 2010 será de 4.725.267,12 euros, do cal como máximo se imputará ao primeiro semestre do exercicio 2010 3.628.187,87 euros, e ao do exercicio orzamentario 2011 a cantidade de 1.097.079,25 euros.

4. O importe máximo das subvencións para a rehabilitación de vivendas e posterior arrendamento que se poderán outorgar dentro do primeiro semestre do exercicio 2010 será de 500.000 euros.

5. De conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, o outorgamento destas subvencións queda supeditado á existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa concesión.

6. O importe máximo destas subvencións poderá incrementarse en función das solicitudes e en función das disponibilidades orzamentarias con cargo a estas aplicacións. De producirse incremento nas dotacións orzamentarias destinadas á concesión destas subvencións publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o importe polo cal resultarán finalmente dotadas as aplicacións que as financian.

Artigo 2º.-*Solicitudes de subvención ao arrendamento.*

1. Asinado o contrato de arrendamento no marco do Programa de vivenda en aluguer, o inquilino poderá solicitar a subvención ao aluguer regulada no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro.

2. A citada solicitude de subvención para o arrendamento deberá formalizarse no modelo de solicitude que se recolle como anexo da presente resolución

e dirixirse á área provincial do IGVS que corresponda.

3. As citadas solicitudes presentaranse nas oficinas de rexistro do IGVS de Santiago de Compostela ou preferentemente nas das súas áreas provinciais que sexan competentes a partir do 1 de xaneiro de 2010, entre os días 1 e 10 de cada mes, dentro do primeiro semestre do ano.

4. Os procedementos de concesión das subvencións terán lugar cada mes natural, de tal forma que antes do último día de cada mes se resolverán as solicitudes presentadas nos dez primeiros días do devandito mes.

5. A concesión da subvención producirá efectos desde o día da presentación da solicitude.

#### Artigo 3º.-*Renovación da subvención.*

A solicitude de novas subvencións ao arrendamento, unha vez esgotados os doce meses da que tiñan concedida, exixirá a presentación de toda a documentación requirida nos artigos 3 e 5 da Orde do 22 de xuño de 2006, pola que se regula a xestión das vivendas, procedemento de adxudicación e concesión das subvencións no programa de vivenda no aluguer, que desenvolve o Decreto 48/2006. Esta documentación deberá ser presentada dentro dos dez primeiros días do mes anterior ao do vencemento da anterior subvención.

#### Artigo 4º.-*Procedementos de concesión.*

De conformidade co establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tendo en conta o procedemento de xestión e concesión destas axudas, excepciónase esta convocatoria do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, e fíxanse para o primeiro semestre do exercicio 2010 procedementos mensuais de concesión de subvencións para o arrendamento. Por cada procedemento de concesión ditárase antes do último día do mes unha resolución que conterà o importe das subvencións que se concedan en cada mes, e non se poderán superar os seguintes importes:

Meses	Importe exercicio 2010	Meses	Importe exercicio 2011
Xaneiro-décembro	527.408,40 euros	Xaneiro	3.006,08 euros
Febreiro-décembro	690.045,32 euros	Xaneiro-febreiro	64.521,47 euros
Marzo-décembro	631.018,24 euros	Xaneiro-marzo	128.628,03 euros
Abril-décembro	645.750,60 euros	Xaneiro-abril	213.370,06 euros
Maio-décembro	579.054,94 euros	Xaneiro-maio	291.781,12 euros
Xuño-décembro	554.910,37 euros	Xaneiro-xuño	395.772,49 euros
Totais	3.628.187,87 euros		1.097.079,25 euros

#### Artigo 5º.-*Solicitudes de subvención para a rehabilitación.*

1. De conformidade co establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tendo en conta o procedemento de xestión e concesión destas axudas, excepciónase esta convocatoria do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos.

2. As solicitudes de subvención para a rehabilitación reguladas no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, deberán formalizarse no modelo de solicitude que se recolle como anexo da presente resolución e dirixirse á área provincial do IGVS que corresponda.

3. As citadas solicitudes presentaranse nas oficinas de rexistro do IGVS de Santiago de Compostela ou nas das súas áreas provinciais que sexan competentes a partir do 1 de xaneiro de 2010, entre os días 1 e 15 de cada mes.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Incorporadas ao programa un número de vivendas con obras de rehabilitación que poidan comprometer o crédito que sustenta a concesión das subvencións para a rehabilitación, denegarase a incorporación ao Programa das vivendas que precisen obras, en canto non se convoquen novas liñas de subvención para o devandito fin.

Segunda.-Para o caso de que unha nova programación de medidas ao fomento do aluguer, dirixidas a inquilinos e arrendadores coa mesma ou similar finalidade, deixara sen vixencia o actual Programa de vivenda en aluguer, os créditos previstos nesta resolución con cargo ás aplicacións orzamentarias 07.90.451B.480.1 e 07.90.451A.780.3 poderán destinarse a financiar as referidas actuacións subvencionables, cando a normativa reguladora da nova programación así o prevexa.

#### *Disposición derradeira*

Única.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2009.

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo



ANEXO II



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓN PARA O ALUGUER DE VIVENDAS: PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>VI431F</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE**

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

**EXPÓN:**

Que ten alugada unha vivenda dentro do programa de vivenda en aluguer, situada na localidade \_\_\_\_\_  
rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_\_, letra \_\_\_\_\_,  
Que a número de expediente de contrato é: \_\_\_\_\_  
Que a vivenda se destina a residencia habitual e permanente do inquilino.  
 Que a unidade convivencial ten ingresos de entre 0,7 ata 3 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).  
 Que pertence a algún dos grupos de beneficiarios cualificados regulados no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro.  
Polo tanto, e reunidos os requisitos establecidos no Decreto 48/2006, do 23 de febreiro,

**SOLICITA:**

A subvención para o aluguer prevista no referido decreto

**DOCUMENTOS QUE DEBEN PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE**

A) COPIA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Don/Dona \_\_\_\_\_ de estado civil \_\_\_\_\_  
veciño/a de \_\_\_\_\_ con domicilio en \_\_\_\_\_  
previsto de documento nacional de identidade nº \_\_\_\_\_  
**Arrendatario/a da seguinte vivenda:**  
Localidade \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_  
tipo \_\_\_\_\_, andar \_\_\_\_\_, expediente (se é o caso) \_\_\_\_\_  
**DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**  
Que na vivenda alugada van residir \_\_\_\_\_ persoas.  
Que se compromete a destinar a vivenda alugada a residencia habitual e permanente.  
Que non posúe ningunha facultade efectiva de uso doutra vivenda.  
Que non existe vínculo ningún de consanguinidade ata o terceiro grao nin de afinidade ata o segundo grao co arrendador da vivenda.  
Que non ten concedida ningunha outra subvención para o aluguer.  
Que todos os datos achegados xunto coa solicitude son certos.  
Que cumpre os requisitos establecidos na normativa reguladora desta subvención, na resolución de convocatoria e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiario dela.  
E, para que así conste, asino esta solicitude:  
\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
(Sinatura)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido ao Instituto Galego da Vivenda e Solo como responsable do ficheiro.

Autorizo o Instituto Galego da Vivenda e Solo de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade e residencia nos sistemas de verificación de datos de identidade e residencia do Ministerio da Presidencia.

SI  NON

Autorizo expresamente a Xunta de Galicia para incluír e facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos a esta axuda, así como, se é o caso, as sancións que poidan ser impostas.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**  
-Decreto 48/2006, de 23 de febreiro, polo que se regula o programa de vivenda en aluguer.  
-Orde de 22 de xuño de 2006, pola que se regula a xestión das vivendas, procedemento de adxudicación e concesión das subvencións no Programa de vivenda en aluguer  
-Resolución do 22 de decembro de 2009 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2010 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o Programa de vivenda en aluguer.  
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  
\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**(Para cubrir pola Administración)**

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA _____/_____/_____ DATA DE EFECTOS _____/_____/_____ DATA DE SAÍDA _____/_____/_____